

PADERNE

CONTA

DECEMBRO 2025



@CONCELLOPADERNE



CONCELLO DE PADERNE



@CONCELLOPADERNE

DEPÓSITO LEGAL:
C 1579-2023



UN ESFORZO COMÚN PARA MELLORAR TODO PADERNE

- MÁIS DE 2.500.000 EUROS EN OBRAS PARA TODAS AS PARROQUIAS DESDE O 2023
- MÁIS DE 40 OBRAS NO TERRITORIO
- MÁIS DE 750 PERSOAS ATENDIDAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS
- MÁIS DE 30 QUILÓMETROS DE NOVO AGLOMERADO
- MÁIS DE 1.200 PERSOAS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS



- ROTONDA CHANTADA
- AGLOMERADO INSUA
- REDE SANEAMENTO CRUCEIRO
- REDE SANEAMENTO CALZADA-VILAMOUREL
- ACONDICIONAMENTO LOCAL CONCELLO
- AGLOMERADO BIÓN - CRUCEIRO
- NOVA MARQUESIÑA EN ESPERELA
- ARRANXO DAS DECANTADORAS
- AGLOMERADO S. PEDRO - OBRE
- ACTUACIÓN BEIRAVÍAS DE TEIXEIRO
- ARREGLO BEIRAVÍAS TERCIO



A NOVA ROTONDA DE CHANTADA PERMITIRÁ ACCEDER A SOUTO



SERGIO PLATAS, ÁNGEL GERMADE E RAFAEL CASTRO SUPERVISAN OS ASFALTADOS EN INSUA

- AUDITORÍA ENERXÉTICA
- REPARACIÓN PARQUE MEDÍN
- AGLOMERADO QUINTAS
- ACONDICIONAMENTO LAVADOIRO DE SAS
- AGLOMERADO DA VÍA VILAMOUREL-VIGO
- AGLOMERADO DESDE O BIÓN A VIGO
- AGLOMERADO DE ADRAGONTE AO BIÓN
- AGLOMERADO DO CAMIÑO INGLÉS EN CHANTADA
- ARRANXO CRUCEIRO
- ARREGLO ESCOLA VIÑAS
- MESAS CAMPO DE OBRE

- AGLOMERADO ESTRADA LAMA DA RIBEIRA (VILAMOUREL)
- RECUPERACIÓN FONTE DE SAMEDE
- OPTIMIZACIÓN DA ESCOLA DE AREAS
- AGLOMERADO EN GAS
- AGLOMERADO EN LAMBRE
- ARRANXO PARQUE PONTE DO PORCO
- AMAÑO PISCINA MUNICIPAL
- AUDITORÍA DE SANEAMENTO
- AMAÑO PONTE DE QUINTAS
- MELLORA DO ACCESO AO LOCAL DE VELOUZÁS
- AGLOMERADO EN CASAL



VISITA DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN ÁS OBRAS DE SANEAMENTO NO CRUCEIRO

NOVOS EQUIPAMENTOS SOCIAIS GRAZAS ÁS NOVAS AXUDAS TÉCNICAS

OS INSTRUMENTOS SANITARIOS SON FUNDAMENTAIS NOS COIDADOS DAS PERSOAS DEPENDENTES

Desde o ano 2023, o Concello de Paderne adquiriu distintos materiais de reforzo para o departamento de Servizos Sociais. Así, **9 camas artelladas, 9 colchóns antiéscaras, outros 9 colchóns viscoelásti-**

cos, 16 cadeiras sanitarias e 2 táboas de transferencias figuran entre os novos equipamentos adquiridos. Un total de 46 aparellos que facilitan a vida das traballadoras e traballadores que coidan a diario da nosa veciñanza. As familias que precisen destes elementos poden solicitálas de maneira totalmente gratuíta nos Servizos Sociais do Concello de Paderne. Están financiados polo Plan Único Social.



Unha persoa maior dá a man á súa cuidadora

PADERNE, ÚNICO EN OFERTAR ESTES SERVICIOS DE MANEIRA GRATUÍTA

153.946 €

17.635 €



REFORZO ESCOLAR

Clases gratuítas de reforzo para educación primaria, secundaria e informática

23.614 €



PODOLOXÍA

Servizo gratuíto de podoloxía a maiores e persoas en situación de vulnerabilidade

42.697 €



CAMPAMENTOS CONCILIACIÓN

Servizo gratuíto de conciliación en verán e Nadal. Madrugadores e acompañamento no autobús

70.000 €



TRANSPORTE

Servizo gratuíto por parroquias do concello, Escolas Unitarias e Centro de Saúde



ÉXITO NA PRIMEIRA SAÍDA TERMAL CON MÁIS DE 30 PERSOAS PARTICIPANTES

ANTE A ELEVADA DEMANDA, INCREMENTARANSE AS PRAZAS

Éxito na primeira saída sociocultural termal de Paderne ao Hotel Spa Attica21 de Vilalba, con máis de 30 veciñas e veciños participantes. O alcalde, Sergio Platas, acompañou as persoas

inscristas nesta actividade, que ante a elevada demanda, ampliará o número de inscricións para as vindeiras sesións. De feito, o obxectivo é que esta iniciativa teña carácter mensual. A vindeira será o 17 de decembro, sendo necesario estar empadroadado, ser maior de 60 anos ou non precisar axuda no desempeño da actividade.



Imaxe do grupo en Vilalba o pasado novembro



Un dos grupos xunto coa súa mestra

TALLERES DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA EN PADERNE

O pasado 27 de outubro comezaron os obradoiros de memoria en Paderne, para os que se organizaron grupos os luns de 17:00 a 18:00 horas en Vilamourel e de 18:30 a 19:30 horas en Souto. Os

venres, sesión dobre en Paderne, de 17:00 a 18:00 horas e de 18:15 a 19:15 horas. Aínda podes anotarte en Servizos Sociais. Farase un novo grupo noutras parroquias de haber demanda.



Imaxe durante o acto celebrado en Mariñán

DESTÁCASE O PROXECTO PARA LOITAR CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA

O alcalde, Sergio Platas; a concelleira de Servizos Sociais, Marisa Abrodos; e a traballadora social do Concello, María Pazos, asistiron a principios do mes de novembro no Pazo de Mariñán

ao I Encontro Provincial dos Servizos Comunitarios, onde se destacou no eido de boas prácticas o proxecto padernés para loitar contra a soidade non desexada. Un novo éxito social.

MELLORA DA ATENCIÓN A MAIORES E DEPENDENTES GRAZAS Á DEPUTACIÓN



Acto de entrega deste vehículo

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, visitou o Concello de Paderne, onde foi recibido polo alcalde Sergio Platas e os membros do goberno municipal. Na visita participou tamén a deputada de Política

Social, Mar García Vidal. Durante o acto, o presidente fixo entrega dun vehículo destinado ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que permitirá mellorar a atención ás persoas maiores e dependentes do noso municipio.



O ALCALDE FORMALIZA UNHA QUEIXA ANTE A FALLA NA ATENCIÓN SANITARIA



O alcalde logo de formalizar a reclamación

de Atención Primaria de Paderne. Nela trataronse os puntos que xeran máis preocupación: que se cubran os postos vacantes, a estabilización do persoal e axilizar as listas de agarda. A realidade é que actualmente tan só pasa consulta un profesional en horario de mañá. Tan só un doutor para máis de 2.500 habitantes e actualmente sen consulta pediátrica, polo que as familias se teñen que desprazar aos centros máis próximos, que son Miño ou Betanzos, o que xera non só incomodidade, tamén un risco de saturación. "Cómpre solucionar isto, mellor hoxe que mañá. Está en xogo a saúde da nosa veciñanza, e con iso non se xoga", asegurou o primeiro edil.

"TEMOS QUE SOLUCIONAR ISTO, MELLOR HOXE QUE MAÑÁ. ESTÁ EN XOGO A SAÚDE DA VECIÑANZA"

O goberno local de Paderne moveu ficha ante as deficiencias detectadas no Centro de Saúde. Son moitas as veciñas e os veciños que trasladaron a inqueda ao alcalde, Sergio Platas, que ante esta problemática decidiu solicitar unha reunión co Xefe de Servizo de Miño e coa coordinadora de Enfermaría

ron a inqueda ao alcalde, Sergio Platas, que ante esta problemática decidiu solicitar unha reunión co Xefe de Servizo de Miño e coa coordinadora de Enfermaría

UN FALADOIRO VERSADO EN HÁBITOS SAUDABLES

O pasado mes de setembro realizouse un novo taller. Neste caso foi o obradoiro sobre alimentación saudable impartido polo nutricionista Fernando Casal. As persoas asistentes aprenderon sobre a boa alimentación e levaron

con elas consellos sobre unha vida cotiá saudable, algo prioritario para unha sociedade como a nosa, onde un dos piares fundamentais debe ser, precisamente, ser coitados e coidarse para poder seguir compartindo experiencias.



Imaxe de grupo logo da realización deste taller



"Tomámolo a peito"

DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO DE PADERNE

O pasado 19 de outubro conmemoramos o Día Internacional Contra o Cancro de Mama, nun acto no que agradecemos o traballo incansable e tan necesario a todas as persoas que

integran a Asociación contra o Cancro da nosa localidade. A autoexploración para unha detección precoz e máis investimento son puntos vitais para erradicar a enfermidade.



O BRANCO LEXÍTIMO, TODA UNHA REFERENCIA GALEGA

NESTA EDICIÓN BICO DE XEADO ELABOROU UN PRODUTO CON ESTE SABOR

O noso municipio convértese cada xullo na capital provincial do viño da Indicación Xeográfica Protexida Betanzos coa ce-

lebración da Feira do GastroLexítimo, que o vindeiro ano cumprirá a súa terceira edición. A parroquia de Esperela vístese de gala durante a primeira fin de semana de cada mes de xullo para dar a benvida a propios e alleos e festexar como se merece un dos produtos estre-

la do noso territorio. Na pasada edición, multitudinaria en asistencia, ata Bico de Xeado quixo render a súa particular homenaxe cun produto propio con sabor a Branco Lexítimo, proba de que temos moito camiño por diante para que o noso viño continúe traspasando fronteiras.

ESPERELA XA É PERSOEIRO DE HONRA

Nesta segunda edición da Feira GastroLexítimo, rendeu-se homenaxe á aldea que acolle esta festa, Esperela, co Persoeiro de Honra. Desde xullo este lugar conta cunha figura de aceiro con forma de copa de viño, un recordo para quen fan posible esta celebración.

UNHA SENTIDA E MERECEIDA HOMENAXE A PABLO TEIJO



Dentro da programación da II Feira GastroLexítimo, o Concello organizou de novo o trail e a andaina, que chegaron ás 350 inscricións. Durante a entrega de premios o alcalde, Sergio Platas, anunciou

que cambiaría de nome e pasaría a chamarse Trail e Andaina GastroLexítimo Pablo Teijo, na honra ao noso veciño, corredor e directivo do Club Brutanzos Team que nos deixaba o pasado maio. Durante a súa intervención, o rexedor definiu a Pablo como "unha persoa que encarnaba as calidades que se agardarían de calquera deportista: paixón, esforzo, entrega e compañeirismo e, por iso, creo que el máis ca ninguén merece este xesto", subliñou.

NOVO ÉXITO DA SEGUNDA ROMARÍA DAS FAMILIAS

O Telleiro acolleu a todos os grupos de familias e amigos que se achegaron para gozar dunha xornada festiva en sociedade, na que o Concello de Paderne programou actividades culturais para todos os públicos. No dis-

curso que inauguraba o evento, o alcalde de Paderne, Sergio Platas, agradeceu "de corazón a todas as persoas que fixeron posible esta Romaría. Paderne é un lugar especial non só pola paisaxe; é o por todas e todos vós."





HOMENAXE Á CULTURA: CELEBRAMOS O DÍA DAS BIBLIOTECAS CON MÁIS LIBROS

O EXECUTIVO REALIZOU MELLORAS NOS LOCAIS SOCIAIS PARA FACELOS MÁIS CONFORTABLES

O Concello de Paderne celebrou o pasado 24 de outubro o Día das Bibliotecas coa presentación dos

novos libros adquiridos a través da subvención de *Novidades editoriais*, entre os que se atopan obras como *Noite no cemiterio*, *Cartas de inverno*, *A Esmorga*, *As rulas de Bakunin*, *Romanceiro gitano* ou *Crónica de una muerte anunciada*. En total, 52 novos números tanto para persoas adultas como para

os máis pequenos e pequenas da casa, tanto en

UN TOTAL DE 52 NOVAS OBRAS XA OCUPAN OS ESTANTES

castelán como en galego. A principal novidade será que moitos deles

serán itinerantes nos diferentes locais sociais da nosa localidade, nos que por certo, o Concello executou melloras para facelos confortables para a veciñanza. Ademais, gozamos do espectáculo 'Galicia coa maxia', do ilusionista Pedro García Bugarín, toda unha festa que homenaxeou a nosa cultura e identidade.

NOVOS SERVIZOS PARA O LOCAL SOCIAL DE VIÑAS



Agora locen así as súas instalacións

O Concello continúa executando traballos de mellora nos espazos municipais, como é o caso dos acometidos recentemente no Local Sociocultural de Viñas,

que volve a ser habitable. Seguir optimizando estes lugares é imprescindible para fomentar o asociacionismo e a socialización dos habitantes de Paderne.

EQUIPOS INFORMÁTICOS RENOVADOS NA BIBLIOTECA

O goberno local reafirma a súa aposta pola cultura coa renovación dos equipos informáticos da Biblioteca Municipal. Todos contan con conexión á rede para que así, quen o precise,

poida empregalos non só para consultar información, tamén para realizar tramitacións en liña ou outras xestións que requiran de Internet. Son de libre acceso para a veciñanza.



Novos equipos informáticos da Biblioteca



ÉXITO DA NOSA PISCINA

- 183** PERSOAS CON BONO FAMILIAR OU INDIVIDUAL
- 53** FAMILIAS CON BONIFICACIÓN FAMILIAR
- 437** ENTRADAS VENDIDAS A ADULTOS
- 225** ENTRADAS VENDIDAS A NENOS
- 10** NENOS EN CURSOS DE NATACIÓN

"O VINDEIRO 2026 VAI SER UN ANO DE TRANSFORMACIÓN PARA PADERNE"

PADERNE
CONTA



SERÁ UN TEMPO PARA MEDRAR PERO SEN PERDER A NOSA ESENCIA: SENTIR ORGULLO DE VIVIR AQUÍ

Queridas veciñas e queridos veciños de Paderne:

Chega o final do ano, e con el ese momento no que todos botamos a vista atrás. Pensamos en todo o vivido, no que conseguimos e tamén no que aínda queda por facer. E este ano, máis ca nunca, quero falarvos dende o corazón. Paderne está a cambiar. Cada proxecto, cada mellora, cada pequeno paso que damos xuntos está a preparar o camiño para un 2026 que

SERGIO PLATAS
ALCALDE
DE PADERNE

será un ano de transformación para o noso concello.

Un ano para medrar, para modernizarnos, pero sen perder o que nos fai únicos: a nosa proximidade, a nosa identidade e o orgullo de ser de Paderne. Quero dar as grazas a todas as persoas que, día a día, fan que o noso pobo siga avanzando: aos traballadores municipais, ás asociacións, ás familias, ás nosas persoas maiores —que son memoria e sabedoría— e tamén á xente nova, que trae forza, ilusión e esperanza. Grazas polo voso esforzo, polo voso agarimo e por non deixar nunca de crer no que somos capaces de facer se estamos unidos. Estas festas son un tempo para o reencontro, para celebrar, para mirar os nosos e lembrar o que de verdade importa: estar xuntas e xuntos. Desexo para todas e to-

dos vós que sexa un tempo cheo de ledicia, saúde e moitos motivos para sorrir. E comprométo-me a seguir traballando con ilusión, con responsabilidade e co corazón posto en cada recuncho de Paderne. Porque o 2026 será o noso ano, no que Paderne seguirá a carón das persoas que máis o precisan; da mellora de servizos públicos e tamén de ser vangarda en materia do benestar. Hoxe só podo dicirvos grazas. Por estar aí, por facer que Paderne siga a ser ese lugar onde todos e todas sentimos que pertencemos. Por seguir facendo que sexamos un auténtico paraíso entre ríos. Boas festas e feliz Aninovo. Con todo o meu agarimo.

Sergio Platas

VIVE O NADAL EN PADERNE

17 DECEMBRO – SÁBADO

- **FESTA DE NADAL DAS ESCOLAS UNITARIAS**
Casa do Concello – 11:00 horas
- **OBRA DE TEATRO UN NADAL NA LAPONIA**, DE TEATRO CALAVERA
- **VISITA DE PAPÁ NOEL**

19 DECEMBRO – VENRES

- **CONCERTO DE NADAL**
Igrexa de San Pantaleón das Viñas – 20:00 horas
- **EMERXENCIAS**, DE XOÁN CUIRIEL: un recital de versións de cancións antigas medievais e panxoliñas

26 DECEMBRO – VENRES

- **CONCERTO DE FIN DE ANO**
Igrexa de Adragonte – 20:00 horas
- **TON RISCO E MARCOS TEIRA**, ESPECTÁCULO *CIRCUM*:
DÚO CON TEMAS DE JAZZ, MÚSICA SUDAMERICANA E FLAMENCO CON PRODUCCIÓN PROPIA E CANCIÓNS DE NADAL

4 XANEIRO – DOMINGO

- **DESFILE DE REIS**
Saída do Concello – 17:30 horas
- **PASARRÚAS, ANIMACIÓN, BATUCADA CON 'MALANDROS ESCOLA DE SAMBA' E ESPECTÁCULOS DE LUME CON 'ASACOCIRCO': FIRE PERFORMANCE**
- **NA CARPA HABERÁ ALGUNHA SORPRESA, ADEMAIS DE INCHABLES, TALLERES E ANIMACIÓN**

CONCURSO DE NADAL

- RAPACES DE 3 A 12 ANOS
- PARTICIPARÁN CON DEBUXOS E ADORNOS DE NADAL
- TRABALLOS PRESENTADOS ATA O 17 DE DECEMBRO
- **TODOS OS PARTICIPANTES TERÁN UN AGASALLO NO DESFILE DE REIS**



**SUBSCRÍBETE Á NOSA CANLE DE WHATSAPP NO
659 14 48 07**

